

UN CONTO ILUSTRADO

CON TODAS AS MAXIAS DA VIDA

«PAXARO DE MAR E VENTO», OBRA DE TUCHO CALVO ILUSTRADA POR XOSÉ COBAS, É UN CONTO PARA NENOS QUE RESULTA MOI FERMOSE DE LER A CALQUERA IDADE

Ramón Loureiro

Habería que buscarlle un nome, claro que si, a ese xénero dos contos infantís que tan grato resulta ler a calquera idade. É dicir, o da narrativa que, premeditadamente ou non, vai dirixida tanto aos que son nenos cando lles chega ás súas mans o libro como aos que, sen seren nenos xa, o certo é que tamén o foron algunha vez.

E un, a verdade, non acaba de saber que nome se lle podería poñer a ese xénero, que ten unha das súas figuras máis billantes —e a iso imos ir sen máis demoras, non se me impacienten— en Tucho Calvo. Pero tería que ser un nome que sen dúbida aludise, sen reviravolta ningunha, á alegría do corazón.

EN REALIDADE É POESÍA

Tucho Calvo, que é o único escritor do mundo que pertence ao mesmo tempo ás dúas beiras do Atlántico —é un galego, nada menos que de Loiba (Ortigueira), nado en Caracas— logrou, con *Paxaro de mar e vento*, un dos máis altos e conmovedores cumios da súa narrativa. Trátase dunha obra que encantarán aos nenos todos, incluso aos máis pequeniños, pero que cos ollos dun adulto adquire unha dimensión que non se pode obviar: a



de aquilo que, por ser de natureza marcadamente poética, non pertence ao ámbito da ficción, senón a esa forma superior da realidade á que só se poden achegar os poetas.

Quero dicir, con isto, que *Paxaro de mar e vento* é, en realidade, poesía. Poesía na máis alta das expresións do termo, que é a aquilo que existe habitando unha forma superior da verdade. Esa forma superior da verdade

que está máis alta das leis da física, e que alenta —descúlpenos a insistencia, pero tamén neste caso convén subliñalo— ese eterno presente que é unha forma máis da eternidade.

O libro de Tucho Calvo é un canto á vida. A todas as maxias da vida. Á grandeza, se así prefiren dicilo vostedes, do maior dos prodixios do mundo, que é o milagre de existir. Non debe de ser doado escribir un libro

O libro de Tucho Calvo, editado por Biblos, está magnificamente ilustrado por Xosé Cobas



NARRATIVA

«Paxaro de mar e vento»

Tucho Calvo. Ilustracións de Xosé Cobas. Biblos. 48 páxinas. 16 euros. ***

coma este. Entre outras razóns, porque require un inusual talento: o de saber mirar a través dos ollos dun neno.

(Ninguén coma os nenos para saber ver o que xa para case todos os adultos se converteu en invisible, para saber apreciar, en toda a grandeza que polo xeral se reflicte nas cousas máis pequenas, a auténtica dimensión do universo.)

UNHA FIGURA CENTRAL

Tucho Calvo é hoxe unha figura central da cultura galega: editor, escritor, xornalista e xeneroso impulsor dun sennúmero de proxectos polo xeral vencellados ás letras do país. E é moi fermoso ter hoxe entre as mans esta nova obra súa, magnificamente ilustrada por Xosé Cobas. Un conto que fará as delicias de quen de verdade ama a literatura. Sobre todo, se é capaz de soñar, coma Tucho Calvo, novos paxaros á beira do mar.

OPINIÓN

Xosé Luís Franco Grande

A mestría de Marina Mayoral

Vexo nesta densa, ben traballada e mellor artellada novela de Marina Mayoral unha especial capacidade para salientar o que poderíamos chamar o carácter ilusorio da realidade, como esta pode pasar da realidade inmediata aos eidos da ilusión, e á inversa. Téñense sinalado dous exemplos paradigmáticos ao respecto: a bacía do barbeiro convertido por D. Quixote en elmo de Mambrino e a dualidade Coroa de Espiñas-Camisa de dormir da meretriz de *A Reliquia*.

Non sei se a novela de Marina pode terse como parte desa tra-

dición ibérica. Pero si, para min, que é un exemplo de eficacia expresiva a súa rara mestría para presentarnos un personaxe como Eva, o principal da novela, nun permanente estar fóra da realidade (ou mellor sería dicir, que está construíndo permanentemente a súa realidade de soños e fantasías) e logo, ese mesmo persoaxe, se comporte na vida real como calquera outro dos máis «realistas» (conversas de Eva coa súa avoa, por exemplo). E a naturalidade —como na da vida mesma— con que coexisten uns e outros personaxes

Mentres Eva constrúe o seu

mundo de fantasías —esa é a súa realidade—, os demais personaxes, moi ben definidos, cada un á súa maneira, viven apegados ás miserias e servidumes das súas realidades cotiñas: unha nai de Eva torpe e nunca oportuna, un pai que esvara polas cousas, unha avoa moi segura e de moi forte personalidade, entre outros. E entre eles móvese Eva, pasando con facilidade das súas fantasías á realidade inmediata.

Ao meu ver, é moi sinalado mérito manexar con tanta mestría planos ou realidades tan distintas que poderían semellar contradictorias. Pero non o son:

É moi sinalado mérito manexar con tanta mestría planos ou realidades tan distintas que poderían semellar contradictorias

cada un dos peersonaxes máis «realista» tivo tamén as súas fantasías, e aínda toleraría, que tamén nos suxiren por outros camiños o carácter ilusorio da realidade. Despois de todo, os soños son tamén unha realidade como outra calquera.

Sen dúbida que os lectores de Marina Mayoral van agradecer esta nova novela, a súa prosa clara e suxerente, o seu sostido ritmo narrativo, a súa ben administrada ambigüidade, unhas das súas obras de máis «tirón», que dende o inicio máis se apodera do lector. Unha experiencia que se agradece.